

ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA F.G.S. DE 2020

O 4 de decembro reúnese de forma telemática a Asemblea Xeral con carácter extraordinario, ás 19,30 horas en primeira convocatoria, e ás 20,00h en segunda e derradeira convocatoria, coa seguinte Orde do Día:

1.- MOCIÓN de CENSURA Ó PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA DE SQUASH: D. JOSÉ CARLOS NOYA SUÁREZ.

Coa presenza dos seguintes asambleístas:

A.D Vigo Squash
A.D Squash Club Santiago
A.D Squash Pontevedra
A.D Squash Ría de Vigo
A.D. Muralla de Lugo
A.D. Squash Monstruiños
D. Alejandro Freire Baluja
D. Pablo Rodríguez Mosquera
D. Óscar Mon Rodríguez
D. Miguel Mercé Castro
D. Juan Carlos Romero Claver

E D^a. M^a Dorinda Garaboa Paz (Secretaria Xeral)

Abre a reunión a Secretaria, ante a ausencia do Presidente, agradecendo a presenza de todos os Asambleístas, comunica que tendo a autorización dos participantes vaise proceder á grabación da Asemblea. Indica como se levou a cabo o proceso da presentación da Moción de Censura, presentada por 8 asambleístas e apoiada polos outros dous, e que presentan como candidata a presidencia da FGS a: Dña Catuxa Codesido Pérez.

Segue, indicando que o presidente D. José Carlos Noya Suárez presentou a súa dimisión a través dun email. Non habendo tempo, nin tendo a capacidade legal para suspender a Asemblea Xeral Extraordinaria que foi convocada, como marca o Decreto publicado no DOG nº 34 do 16 de febreiro de 2018 no Capítulo X – Da moción de censura , o 19 de novembro de 2020, fai 16 días, e indica que debe seguir adiante coa Asemblea.

A secretaria, Dña. María Dorinda Garaboa Paz, indica que para proceder da maneira indicada no Real Decreto-Lei 34/2020, do 17 de novembro, de medidas urxentes de apoio á solvencia empresarial e ó sector enerxético, i en materia tributaria. Artigo 3. Medidas extraordinarias aplicables ás persoas xurídicas de Dereito privado para a realización de forma telemática da Asemblea, vanse identificar a cada un/unha dos asambleístas, como xa se lle indicara, previamente, a través dunha guía que lles fora enviada.

No momento da identificación, teñen que activar a cámara, a secretaria confirmará a súa identidade, e dirá as 4 primeiras letras do email facilitado, así como as 4 últimas cifras do seu número móbil, para poder proceder a dobre verificación necesaria para o voto telématico.

Tras comenzar có proceso, D. Alejandro Freire Baluja mostra a súa disconformidade, e opina que non da lugar á celebración da Asamblea, xa que opina que se o presidente dimiteu, e o único punto do día e a Moción de Censura a Presidencia, ésta non se pode levar a cabo.

A secretaria indica que ela non ten a capacidade legal para desconvocar unha asamblea, que a Asemblea Xeral é o órgano superior de goberno e representación da Federación Galega de Squash, e que non podendo desconvocar a Asamblea, debe continuar coa orde do día e o seu único punto.

Interven D.Juan Carlos Romero Claver indicando que aínda que o presidente, presente a súa dimisión, sendo a Asamblea Xeral o órgano superior de goberno, segundo os estatutos da FGS e estando ésta reunida con tódolos asambleístas presentes, a Asamblea non ten porque aceptar a dimisión, e polo tanto poderíase seguir coa Moción de Censura.

D. Jesús Souto Iglesias indica que é unha lástima que D. José Carlos Noya Suárez dimita agora, e non tres días antes, cando foi quen de enviar de forma privada e sin consultar coa Asamblea, un email á Real Federación Española de Squash, retirando a candidatura da FGS como membro da comisión delegada a Real Federación Española de Squash, e deixando a ésta, fora do órgano de goberno da RFES, durante os próximos 4 anos.

D.Alejandro Freire mostra o seu rechazo, e quer que así conste, e indica que o único punto do día é a moción de censura, e polo tanto non se pode votar si se acepta ou non a dimisión do presidente.

Ábrese un debate de si se pode ou non votar e si se pode ou non seguir coa orden do día, entre Alejandro Freire e os demais asambleístas.

Interven a Secretaria indicando que se vai consultar a opinión de tódolos presentes: dos 11 asambleístas presentes, 10 indican que queren votar si se acepta ou non a dimisión do presidente.

D. Alejandro Freire Baluja volve a mostrar a súa oposición e indica que vai abandonar a reunión.

Procédese a votación de maneira pública, a secretaria pregunta un a un a tódolos asambleístas si aceptan ou non a dimisión do presidente D. José Carlos Noya Suárez. Os 10 asambleístas indican que non aceptan a dimisión do presidente e sinalan que queren que se siga coa orden do día establecida.

Habéndose identificado de novo a tódolos asambleístas, a secretaria da paso ó responsable da empresa encargada do proceso electoral, que explica, paso a paso, como se vai levar a cabo. Cada asambleísta recibirá no seu correo

electrónico verificado, un email que lle levará a unha plataforma, nela atoparán unha papeleta virtual con tres opcións de voto:

Si, apoio a moción de censura e a candidatura á presidencia da FGS de Doña Catuxa Codesido Pérez.

Non, non apoio a moción de censura, nin a candidatura a presidencia da FGS de Doña Catuxa Codeisdo Pérez

Abstéñome na votación a moción de censura.

Tras realizar a votación, o programa enviará un único código o tfno. indicado e verificado, que será necesario introducir na plataforma para confirmar o voto. Solo se permitirá un voto por assembleísta. Terminado o proceso envíarase o resultado.

As 21,35h recíbense os resultados que indican que dun censo total de doce assembleístas (O presidente D. José Carlos Noya Suárez e ós 11 assembleístas electos) votaron 10 assembleístas (o 83,33% do censo electoral).

Resultado da votación:

- A favor da moción de censura: 10 Votos (100%)
- Abstención: 0 Votos (0%)
- En contra da moción de Censura: 0 Votos (0%)

Segundo o DOG nº 34 do Venres 16 de febreiro de 2018,

f) A votación deberá ser secreta, seguirá o mesmo sistema que o prevista para a elección a presidencia. Para que a moción de censura prospere e cese de forma automática a persona que ocupa a presidencia, requirírase que, sometida a votación, sexa aprobada pola maioría absoluta das persoas membros da Asamblea Xeral.

Se a moción de censura fora aprobada, a persoa candidata que resulte elexida permanecerá no cargo o tempo que restará hasta a finalización do período do mandato da anterior presidencia.

Conseguindo á maioría absoluta necesaria e aprobada a moción de censura, procédese a nomear como presidenta da Federación galega de Squash a: DÑA CATUXA CODESIDO PÉREZ.

Sen nada máis que discutir, e sen nada máis que reflexar, ás 21,50 horas péchase esta Asemblea Xeral Extraordinaria do 4 de decembro de 2020.

Asdo.- María Dorinda Garaboa Paz
Secretaria Xeral da Federación Galega de Squash